



Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 29/07/09:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Vilaboa conta con diversos destinos e recursos turísticos, como é o caso das Salinas, a Lagoa de Castiñeiras, variedade de sendeiros, etc. Así como gran cantidade e diversidade de ofertas hoteleiras e de restauración.

Os visitantes que se acercan ata o noso Concello quéixanse da deficiente e descoordinada sinalización existente, polo que sería interesante e necesario que se adaptase a sinalización turística e esta fose homoxénea.

Na anterior lexislatura a Consellería de Industria aprobou o Decreto 138/2008, de 22 de maio, polo que se regula a sinalización turística de Galiza, co único fin de unificar a imaxe corporativa do turismo galego en destino e mellorar as condicións de accesibilidade e coñecemento dos seus recursos, mediante un sistema de información homoxéneo e coherente.

A adopción desta medida melloraría a accesibilidade e coñecemento dos destinos e recursos turísticos do noso concello, ademais de ofrecer un sistema de información homoxéneo e coherente. Para que sexa posible esta homoxeneización, a normativa establece un catálogo de sinais turísticos e dos seus usos compostas por un compoñente informador, que facilita o coñecemento dos recursos turísticos, unha frecha, que indica a dirección na que se encontra, unha cor e unha tipografía única e un pictograma que aclara si o lugar turístico responde á arquitectura relixiosa, popular, etc.

Por último, tamén sería interesante que as demais administracións adaptasen a sinalización dos seus recursos relacionados co turismo, como son os portos, estacións de tren...etc, ao sistema de sinalización homologado.

Por todo isto, o BNG propón a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro. O Concello de Vilaboa adaptará a súa sinalización turística ao Decreto 138/2008, do 22 de maio, polo que se regula a sinalización turística de Galiza.

Segundo. O Concello de Vilaboa demandará das restantes administracións a adecuación do sistema de sinalización homologado en todas aqueles recursos que estean relacionados co turismo.

Vilaboa, 28 de xullo de 2009.

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA